

Queridos terceiros:

Espero e desexo que todas e todos esteades ben. Iso é o primordial. Coidarvos moito e coidar as vosas respectivas familias. Son o máis importante que tendes, crerme.

Estes días están sendo moi atípicos e todos e todas temos que ter calma, paciencia e ter espírito de colaboración.

Espero que esteades axudando nas vosas casas a levar a situación o mellor posible. Sei que sodes dous moi bos equipos e estou moi orgullosa de cada un de vós. Moito ánimo!

Animádevos a seguir traballando a competencia matemática como facíamos na aula!

Para elo, déixovos unha serie de ligazóns de probas de avaliación diagnóstica de matemáticas de distintas comunidades que poden serviros de reto:

#### Navarra.

- Modelo. Competencia matemática 2014/15. [Pinchar aquí](#)
  - Instrucións. [Pinchar aquí](#)
- Reto. Competencia matemática 2014/15. [Pinchar aquí](#)
  - Exercicio de cálculo mental. [Pinchar aquí](#)
  - [Solucións](#)
- Reto. Competencia matemática 2015/16. [Pinchar aquí](#)
  - Exercicio de cálculo mental: [Pinchar aquí](#)
  - [Solucións](#)
- Reto. Competencia matemática 2016/17. [Pinchar aquí](#)
  - Exercicio de cálculo mental: [Pinchar aquí](#)
  - [Solucións](#)
- Reto. Competencia matemática 2017/18. [Pinchar aquí](#)
  - Exercicio de cálculo mental: [Pinchar aquí](#)

- [Soluciones](#)

➤ Reto. Competencia matemática 2018/19. [Pinchar aquí](#)

- Ejercicio de cálculo mental: [Pinchar aquí](#)

- [Soluciones](#)

### Gran Canaria.

➤ Ejemplos de distintos anos:

Pinchar sobre os distintos anos académicos. Unha vez feito, clicades en “Abrir”. Despois dobre clic na carpeta “Tercero de Educación Primaria”. A continuación dobre clic sobre “C.MATEMÁTICA”. E por último, dobre clic nos **PDF** que son de matemáticas “MAT”


- [2015/16](#)

- [2016/17](#)

- [2017/18](#)

### Ministerio de Educación e Ciencia

➤ [Avaliación 3º Primaria](#)



*Despois de pinchar en  
Avaliación 3º Primaria, buscade  
esta imaxe e pinchade en  
“Competencia matemática”*

Agora pensando nas táboas de multiplicar, para os que queirades repasalas xogando déixovos o seguinte enlace:

➤ Táboas de multiplicar do 1 ao 12. [Pinchar aquí](#)

E para os que queirades un repaso máis amplo, [pinchar aquí](#). Pero ollo, lembrade que os apartados que non traballamos na aula non tendes que traballalos, eh!

Ben, queridos equipos, tan só e antes de despedirme deixaros unha dirección de correo electrónico na que podedes contactar comigo por se queredes facerme chegar algunha dúbida que vos poida xurdir respecto as tarefas escolares propostas. Lembrede que non os vou poñer nota por elas e que non son obrigatorias. Non volas vou pedir cando regresemos ás aulas. Son actividades para que repasedes as matemáticas e non as esquezades.

- Conta de correo electrónico: [matematicas3roxos@gmail.com](mailto:matematicas3roxos@gmail.com)
- Contraseña: **Matematicas3Roxos**

Esa conta só se crea para consulta e para, a través da mesma, enviar dúbidas sobre ditas tarefas á conta [consultasmaticas3roxos@gmail.com](mailto:consultasmaticas3roxos@gmail.com). **Só se deben facer consultas ou dúbidas sobre as tarefas do curso, non sobre outros temas persoais.**

### ***Explícovos como PODER ENVIAR DÚBIDAS E FACER CONSULTAS:***

1º. Unha vez que esteamos dentro da conta de correo de gmail premer na parte esquerda da pantalla o botón de **Redactar +**. Este botón está debaixo do logotipo de Gmail.

2º. En **Para** escribir esta dirección de correo: [consultasmaticas3roxos@gmail.com](mailto:consultasmaticas3roxos@gmail.com)

3º. En **asunto** escribir *o nome do neno ou nena que fai a consulta*.

4º. **Picar debaixo de asunto e escribir a consulta que se queira facer. Deben ser consultas públicas e non privadas porque a resposta se poderá ver no correo do curso e terán acceso a esa resposta tódolos alumnos e alumnas**

5º. Picar en **ENVIAR**

6º. **A resposta será publicada na conta de correo onde se colgan as tarefas**

E agora si, despídome agarimosamente esperando vervos pronto.

María Jesús Pérez  
A vosa mestra de matemáticas